

Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOTA DO PROMOTOR Ó INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO TRÁMITE DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO MAXAL
Promotor	GALENERGY, S.L.
Localización	CONCELLOS DE RODEIRO (PONTEVEDRA), ANTAS DE ULLA E TABOADA (LUGO)
Expediente	IN408A 2019/040

SOLICITANTE: Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética de Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

FEITOS :

- A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 16/02/2021 e número de rexistro de entrada 2021/223646, presenta unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.
- Con data 21/03/2022 e número de rexistro de entrada 2022/591493 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 07/04/2022 e número de rexistro de entrada 2022/765883, o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da traslado da resposta do promotor ó informe desta Dirección Xeral de data 21/03/2022.
- Con data 22/04/2022 e número de rexistro de entrada 2022/857613 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 09/09/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1799592, o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da traslado da resposta do promotor ó informe desta Dirección Xeral de data 22/04/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ó establecido no artigo 37.2.i) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta Dirección Xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítase o seguinte

INFORME:

Analizada a documentación remitida polo promotor en relación a súa contestación ao informe previo desta Dirección Xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos os requirimentos feitos no informe previo, sempre en cando se teña en conta as seguintes puntualizacións:

- Con respecto ao sistema SCADA de control de parada dos aeroxeradores, a documentación presentada non permite avaliar os resultados prácticos do mesmo, o cal en principio parece viable pero a eficacia de dito sistema condicionará a resposta favorable emitida no presente informe.
- Polo elevado número de receptores afectados, para o "caso real", que sobrepasan o limiar de 8 h/ano, sumando un total de 58, dos que 19 superan o dobre do limiar establecido, o plan de vixilancia ambiental deberá contemplar un seguimento individualizado de ditos receptores, que permita coñecer a eficacia do sistema SCADA, avaliando as paradas realizadas polo sistema en función da superación dos limiares medidos nos receptores correspondentes.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

